



**INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:**  
**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESUMIDA 2022-23**

**FeQ**  
**4ºESO**

<b>PROFESOR</b>	<b>Juan José Guillín Fraga</b>		
<b>CONTIDOS</b>	<p style="text-align: center;"><b><u>1º TRIMESTRE</u></b></p> <p>-O traballo científico: o método científico. -Magnitudes: interconversión, cálculo e expresión de resultados. <b>(8%)</b></p> <p>-Estrutura da materia: modelos atómicos e configuración electrónica moderna. <b>(12%)</b></p> <p>-Táboa periódica e enlace químico: interatómico e intermolecular. <b>(12%)</b></p>	<b><u>2º TRIMESTRE</u></b>	<b><u>3º TRIMESTRE</u></b>
		<p>-Formulación e nomenclatura en química inorgánica de compostos ternarios. <b>(7%)</b></p> <p>-Química do carbono. Grupos funcionais. Formulación e Nomenclatura orgánica. Formas alotrópicas do carbono. <b>(7%)</b></p> <p>-Repaso conceptos básicos en química cuantitativa: mol-uma-gramo. Disolucións e gases ideais (<math>PV=nRT</math>).</p> <p>-Reaccións químicas. Cálculos estequiométricos en masa, volume ou concentración. Cinética e termodinámica química. Exemplos de reaccións químicas importantes. Química, industria e medio ambiente. <b>(20%)</b></p>	<p>-O movemento. Cinemática. Estudo do MRU, MRUA e MCU. Resolución de problemas e interpretación de gráficas de movemento. <b>(17%)</b></p> <p>-As forzas: Dinámica clásica. Resolución de problemas-tipo que impliquen uso de forza de rozamento, peso, normal, tensión, elástica ou centrífuga. -Gravitación Universal. Lei de Newton. <b>(17%)</b></p>
<b>CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Probas obxectivas (exames): <b>70%</b></li> <li>• Proba de comprensión lectora (análise de texto científico): <b>5%</b></li> <li>• Traballos de investigación (rúbrica): <b>5%</b></li> <li>• Iniciativa: <b>5%</b></li> <li>• Observación: Interese/traballo diario (libreta de control): <b>15%</b></li> <li>• Haberá 2 ou 3 exames por avaliación. A nota global das probas obxectivas será a <b>media ponderada</b> dos exames feitos segundo o peso indicado na táboa de contidos.</li> <li>• Será obrigada a entrega de 1 traballo con exposición incluída. O alumnado decide cando o entrega. Non obstante de forma voluntaria pode optar por entregar 1 en cada avaliación.</li> <li>• Cando non se entregue nada de traballo nin de iniciativa, a porcentaxe de nota que lles correspondería acumularase ao apartado de OBSERVACIÓN DIARIA.</li> <li>• Copiar nun exame implica ser cualificado cun “cero” nesa proba.</li> <li>• Para obter a nota do boletín en cada avaliación procederase a un redondeo final, despois de aplicar todas as ponderacións correspondentes, a partir de 50 centésimas</li> </ul>		

	<p>de punto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Os indicadores de logro das rúbricas empregadas na corrección de traballos serán entregados e explicados ao alumnado ao principio de curso.</li> <li>Haberá 1 proba de recuperación por avaliación, dentro das 2 semanas posteriores á finalización do trimestre suspendido. A última farase ao longo do mes de xuño, antes de que finalice o curso o día 21. Nela, o alumnado intentará recuperar a 3ª avaliación ou calquera das que lle quedaran suspensas, co fin de obter a cualificación global do curso.</li> <li>Lémbrese tamén que as probas de recuperación só permiten avaliar o aspecto conceptual do currículo, o cal só supón un 70% da nota global final, polo que acadar un 5 na proba de recuperación non implica necesariamente ter acadado a avaliación positiva na materia. Será a suma dos outros aspectos avaliábeis os que determinen se, en conxunto o alumno/a acadou os mínimos necesarios.</li> <li>A nota final do curso será a <b>media aritmética</b> das obtidas nas 3 avaliacións. Para o cálculo desta media teranse en conta as notas das probas realizadas durante todo o curso SEN REDONDEAR.</li> <li>A temporalización da 3ª avaliación farase de tal xeito que permita obter unha cualificación da mesma coa antelación suficiente para levar a cabo unha hipotética recuperación de contidos da mesma ou de calquera das outras avaliacións se estas se suspendesen, antes de que finalice o curso o día 21 de xuño. Ademais terán a oportunidade de subir nota na parte de conceptos nunha PROBA DE NIVEL, xa que a matrícula de honra dependerá soamente das cualificacións globais obtidas no 4º curso da ESO.</li> </ul>
<p><b>PLAN DE LECTURA</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Farase unha proba de comprensión lectora en cada trimestre, que suporá o 5% da nota.</li> <li>Proporase unha serie de libros como lecturas recomendadas, entre as que se poden atopar as seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>-“Quantic Love”. Sonia Fernández-Vidal</li> <li>-“La puerta de los 3 cerrojos”. Sonia Fernández-Vidal</li> <li>-“¿Tenían ombligo Adán y Eva?”- Martin Gardner.</li> <li>-“Os dados do reloxeiro”. Xurxo Mariño.</li> </ul> </li> </ul>
<p><b>TIC</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Promoverase o uso de ferramentas TIC nas exposicións de traballos e na comunicación co profesor por vía electrónica. Empregarase a ferramenta educativa de google (classroom) como apoio das explicacións diarias.</li> </ul>
<p><b>ACTIVIDADES COMPL. E EXTRAESCOLARES</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tratarase de facer polo menos 1 saída ao longo do curso relacionada coa ciencia.</li> </ul>